

## BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DO PERSOAL DOCENTE E ADMINISTRATIVO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "TERRAS DO SOR V" PROMOVIDO POLOS CONCELLOS DE OUROL, O VICEDO E MURAS

### Primeira.- Obxecto da convocatoria, normas xerais e principios de actuación.

O obradoiro dual de emprego "Terras do Sor V" configúrase como un programa mixto de emprego e formación que ten por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezaoito ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten ao alumnado participante a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co devandito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

Este obradoiro está cofinanciado pola Comunidade Autónoma de Galicia ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TR353A), publicada no DOG nº 22, do 3 de febreiro de 2021 e promovido polos concellos de Ourol, O Vicedo e Muras, sendo o Concello de Ourol a entidade promotora do proxecto.

Respéctanse polo tanto o establecido na Resolución de concesión de subvención, de data de 08/09/2021 e con número de expediente 27/15/2021, e a Circular número 6/2021, de data de 15/06/2021, sobre Instruccións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador do Programas de emprego para persoas mozas e obradoiros duais de emprego.

Establécese así mesmo o sistema, requisitos, baremos ou probas que se aplicarán na selección do persoal docente e administrativo que participará no obradoiro dual de emprego "Terras do Sor V", promovido polos Concellos de Ourol, O Vicedo e Muras e subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade.

A selección do persoal docente e administrativo participante no proxecto que se vai a poñer en funcionamento será realizada pola entidade promotora mediante un procedemento específico regulado mediante instrucción da Dirección Xeral de Formación e Colocación, atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade.

Nos criterios de selección do persoal docente e administrativo do obradoiro dual de emprego procurarase a maior adaptación das persoas que se van seleccionar ás especialidades e as particulares circunstancias de dificultade estas. Estes criterios deberán incluirse nas bases reguladoras que aprobará a entidade promotora, que deberán respectar os requisitos e criterios de selección establecidos nesta orde e na instrucción da Dirección Xeral de Formación e Colocación que a desenvolva.

Postos convocados: tendo en conta as especialidades formativas que se van a impartir no obradoiro de emprego as prazas son:

- 2 Monitores/as Carpintería de madeira.
- 1 Monitor/a Sociosanitaria.
- 1 Administrador/a a media xornada.

### Segunda.- Publicidade do proceso.



As presentes bases reguladoras do proceso de selección do persoal docente e administrativo unha vez aprobadas pola entidade promotora exponse ao público no taboleiro de anuncios do Concello de Ourol e na súa sede electrónica (<https://concellodeourol.sedelectronica.es>) no apartado de Taboleiro de Anuncios así como nos taboleiros e webs dos concellos de O Vicedo e Muras. Ademais enviaranse á oficina de emprego que tramite a oferta de emprego e tamén serán remitidas á Xefatura Territorial correspondente.

Todas as fases do proceso daranse a coñecer no taboleiro de anuncios do Concello de Ourol e na súa sede electrónica así como nos taboleiros e webs dos concellos de O Vicedo e Muras.

Rematado o proceso de selección, a entidade promotora remitirá á oficina de emprego e á xefatura territorial correspondente, a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas.

No caso de que as sondaxes da oferta se realisen en concellos pertencentes a outra oficina de emprego distinta da que tramita a oferta de emprego tamén se expoñerán na oficina de emprego correspondente.

#### **Terceira.- Características dos contratos de traballo.**

Os contratos de traballo que subscibirá a entidade promotora coas persoas candidatas seleccionadas terán carácter temporal, por un período de nove meses, e serán a xornada completa a dos monitores/as e a media xornada para a posto de administrador, baixo a modalidade de contrato de obra ou servizo determinado para a execución do programa de emprego denominado "Terras do Sor V".

As persoas que resulten seleccionadas estarán sujetas ao réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente, debendo permanecer no obradoiro de emprego durante a xornada de traballo.

De conformidade co establecido no artigo 14 da Orde do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas administracións públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público. As persoas seleccionadas non se considerarán incluídos nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo, e consecuentemente, non será precisa oferta de emprego pública previa.

#### **Cuarta- Funcións do posto de traballo**

##### **4.1. Monitores**

Desenvolverán a súa actividade educativa, para o adecuado desenvolvemento dos programas formativas, dentro dun marco pedagóxico e didáctico que permita ás persoas alumnas traballadoras obter o maior beneficio, de acordo coas directrices do proxecto do Obradoiro de emprego.

Tomar as medidas necesarias para que se cumpra o estipulado na normativa vixente sobre Seguridade e Saúde no traballo.

Serán os responsables de impartir o ensino teórico-práctico correspondente á especialidade formativa que van impartir, e da aprendizaxe das persoas alumnas.

Colaborarán co director na realización da programación (de conformidade co disposto no certificado de profesionalidade) e nas probas de avaliación periódicas, así como na planificación das tarefas produtivas, e serán os responsables do cumprimento dos obxectivos propostos.

Serán os responsables do control de asistencia e produtividade das persoas alumnas traballadoras do obradoiro, debendo facilitar de forma obligatoria semanalmente os partes diarios de traballo de cada traballador participante, o control de asistencia correspondente ó mencionado período.

Elaborarán nas datas e forma que o director lles fixe, unha lista global das necesidades de materiais, maquinaria, ferramentas, medios auxiliares, etc., necesarios para o normal desenvolvemento da



actividade.

Realizarán o control de recepción dos pedidos, realizando listas periódicas, datadas, numeradas e debidamente detalladas dos mesmos e custodiarán os albarás ata a súa entrega ao director do obradoiro de emprego.

Colaborarán coa dirección nos labores de tutoría das persoas alumnas traballadoras, comunicando a esta as incidencias que ocorran no obradoiro.

Serán os responsables da custodia, mantemento e conservación dos materiais, maquinaria e ferramentas propios do seu obradoiro, así como doutros de carácter xeral que lle sexan encargados pola dirección do obradoiro de emprego. Trimestralmente, a petición da dirección, realizarán un inventario dos medios do obradoiro, no prazo e forma que se exixa.

Serán os encargados de organizar os diferentes labores dos grupos de traballo, respondendo da execución das tarefas produtivas a realizar polo seu obradoiro.

Realizarán aqueles traballos xerais e inclusive os que supoñan un especial empeño e delicadeza, que lle sexan encomendados pola dirección na execución das tarefas produtivas do obradoiro de emprego.

Fomentarán e participarán activamente en tódalas iniciativas de creación de emprego.

Serán responsables directos nos aspectos prácticos - produtivos das persoas alumnas traballadoras que estén o seu cargo, en especial no relativo á Seguridade e Saúde no traballo.

Será o encargado de impartir lo ensino teórico das especialidades dos obradoiros, e se fose preciso, o ensino correspondente ao programa de formación empresarial e búsqueda de emprego.

Encargarase, si a Dirección o considera necesario, da supervisión das obras.

Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado traballador.

#### **4.2. Administrador/a**

Será o encargado de realizar os contratos laborais, nóminas de salarios, afiliación, liquidacións e cotización á Seguridade Social, transferencias, control de facturas e albaráns, confección de documentos e manexo das aplicacións informáticas precisas, na forma e prazos adecuados.

Realizarán a base de datos e o arquivo do Obradoiro, tanto de persoal como dos medios, e será o encargado da obtención e confección dos datos estatísticos, rexistros, clasificación e arquivo de documentos, abastecementos, etc...

Impartirá o módulo de iniciación a informática ós alumnos traballadores.

Impartirá o módulo de inserción laboral e técnicas de búsqueda de emprego ós alumnos traballadores.

Calquera outra función propia do seu cargo que lle encomende a Dirección

#### **Quinta.- Requisitos das persoas candidatas.**

##### **5.1 Requisitos xerais**

Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden á ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.

Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitado para o exercicio da función pública.

Estar en posesión da titulación e experiencia que se exixe para cada posto, ou en condicións de obtela na data na que se realice a sondaxe.

Ter os coñecementos e a experiencia necesarios para desenvolver as funcións definidas na base cuarta.

##### **5.2 Requisitos particulares dos Monitores**

Ter o nivel académico e a experiencia profesional exixida no Real decreto que regula o certificado de





C.I.P. P.27019001

R.E.U. 01270386

Telf. 982 559 101

Fax. 982 559 002

profesionalidade correspondente á especialidade formativa que vai impartir.

Acreditar a competencia docente mediante o certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou co certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego. Estarán exentas de esta acreditación aquelas persoas que cumpran o disposto no artigo 13.1 (apartados a, b, c) do Real decreto 34/2008, de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.

### 5.3 Requisitos de titulación e experiencia profesional para cada un dos postos

#### Monitores/as Carpintería de madeira :

Estar en posesión da categoría profesional de Oficial de 1ª Carpinteiro de madeira ou ter traballado como Carpinteiro de madeira no Réxime de Traballadores Autónomos. Será necesario a acreditación de ter unha experiencia mínima de 5 anos.

#### Monitor/a Sociosanitaria:

Estar en posesión da titulación de Diplomado en Enfermaría ou de Diplomado en Traballo Social. Acreditar unha experiencia mínima de 1 ano como Diplomado en Enfermaría ou como Diplomado en Traballo Social.

#### Administrador/a:

Estar en posesión dunha das seguintes titulacións:

Diplomado ou Licenciado en Empresarias ou Licenciado en Ciencias Económicas ou Diplomado en Relacións Laborais e unha experiencia mínima de 12 meses coa titulación.

### Sexta.- Oferta de Emplego

A selección do persoal a contratar levarase a cabo na forma prevista no artigo 12 da Orde do 31 de decembro de 2021 da Consellería de Emprego e Igualdade, polo que se formulará oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, para a súa tramitación, establecéndose como parámetros da sondaxe os seguintes:

#### OFERTA 1

Ámbito xeográfico: Concellos de O Vicedo, Muras e Ourol. De non atoparse candidatos ampliarase aos concellos limítrofes ata acadarse o número máximo de 3 candidatos/as (dando prioridade a aqueles concellos que non teñan concedido este ano un obradoiro de emprego). Se non se acadan eses 3 candidatos/as ampliarase a sondaxe ao ámbito provincial ou autonómico e en último caso, se fose necesario a oferta será obxecto de difusión pública.

Número de candidatos a remitir pola oficina de emprego: 3 candidatos por posto

Número de postos: 2

Ocupación: Monitor/a carpintería de madeira.

Requisitos: según bases

#### OFERTA 2

Ámbito xeográfico: Concellos de O Vicedo, Muras e Ourol. De non atoparse candidatos ampliarase aos concellos limítrofes ata acadarse o número máximo de 3 candidatos/as (dando prioridade a aqueles concellos que non teñan concedido este ano un obradoiro de emprego). Se non se acadan eses 3 candidatos/as ampliarase a sondaxe ao ámbito provincial ou autonómico e en último caso, se fose necesario a oferta será obxecto de difusión pública.

Número de candidatos a remitir pola oficina de emprego: 3 candidatos por posto

Número de postos: 1



Ocupación: Monitor/a sociosanitaria.

Requisitos: según bases

### OFERTA 3

Ámbito xeográfico: Concellos de O Vicedo, Muras e Ourol.. De non atoparse candidatos ampliarase aos concellos límitrofes ata acadarse o número máximo de 3 candidatos/as (dando prioridade a aqueles concellos que non teñan concedido este ano un obradoiro de emprego). Se non se acadan eses 3 candidatos/as ampliarase a sondaxe ao ámbito provincial ou autonómico e en último caso, se fose necesario a oferta será obxecto de difusión pública.

Número de candidatos a remitir pola oficina de emprego: 3 candidatos por posto

Número de postos: 1

Ocupación: Administrador/a.

Requisitos: según bases

A oficina de emprego remitirá ao tribunal cualificador a relación das persoas candidatas resultado da oferta, na medida do posible, tres por posto.

Concluída a sondaxe, a oficina de emprego comunicará ás persoas candidatas o lugar, data e hora á que deberán asistir para realizar a entrevista persoal, indicándollelles así mesmo que deberán de facelo provistos da documentación, en orixinal ou copia compulsada, que acredite os méritos sinalados nestas bases, así como dunha copia para entregar ao tribunal cualificador.

A selección terá lugar no Edificio Multiusos do Concello de Ourol o día 29 de setembro de 2021 as :

- 10,30 horas Administrador/a.
- 11,30 horas Monitor/a sociosanitaria.
- 12,30 horas Monitor/a carpintería de madeira.

### Sétima.-Tribunal Cualificador

O Tribunal Cualificador será designado pola Alcaldía segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

A súa composición axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros procurando na medida do posible a paridade entre homes e mulleres. Todos os membros do tribunal deberán contar con titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o posto ao que se opta. O nomeamento dos membros titulares que constitúan o Tribunal Cualificador, realizarase por Decreto de Alcaldía e publicarase no Taboleiro de Anuncios e nos sitios web dos concellos implicados.

O Tribunal cualificador do procedemento de selección terá a seguinte composición:

- Presidente/a: Designado polo concello de Ourol.
- Vogais: Tres membros douceles designados polos concellos de Muras e O Vicedo, e un terceiro designado pola Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Emprego e Igualdade.
- Secretario/a: Secretario – Interventor do Concello de Ourol ou funcionario no que delegue, o cal actuará sin voz nin voto.

No caso de que algúm dos membros non fose designado polas entidades, recurrirase a Excma. Deputación Provincial de Lugo para a cobertura dos postos vacantes

O tribunal non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou supletes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.



Non poderán formar parte as persoas de elección ou designación política, os/as funcionarios/as interinos/as, o persoal laboral temporal, ou persoal eventual e as persoas que nos 5 anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores/as.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballo de persoas asesoras especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias así o aconsellen, limitándose os mencionados asesores/as a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros do tribunal deberán abstenerse de intervir, comunicándollo ao Alcalde, cando concorra neles algúnsa das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorra algúnsa das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

#### **Oitava.- Procedemento de selección**

As actividades selectivas terán por finalidade determina-la adecuación das persoas candidatas ao posto de traballo ofertado e consistirán na celebración dunha entrevista persoal e nunha valoración de méritos segundo o procedemento marcado pola circular número 6/2021 de data 15/06/2021 punto 11 que di que a entrevista non será eliminatoria e correspónelle ó equivalente a 35 % (se só se ten en conta a valoración de méritos) e 20 % (caso de que se pratique algún tipo de proba ademáis de valoración de méritos).

**a) ENTREVISTA: 3,5 puntos.**

O tribunal de selección realizará en primeiro lugar unha entrevista persoal co obxectivo de avaliar o interese da persoa candidata en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo, entrevista que se valorará cun máximo de 3,5 puntos.

Unha vez rematadas todas as entrevistas, faranse públicas as puntuacións no mesmo local en que tiveron lugar as mesmas e na páxina web da entidade promotora.

**b) MÉRITOS: 6,5 puntos.**

A continuación terá lugar a baremación de méritos obxectivos. A tal fin, e de conformidade co previsto na base 5ª, os candidatos deberán comparecer provistos da documentación que acredite os seus méritos, co obxecto de que sexa avaliada polo tribunal cualificador.

Os méritos a valorar no apartado de formación e experiencia profesional previa e a puntuación que poda corresponder a cada un, son os previstos na base sexta. A puntuación total máxima que se poderá acadar na dita valoración de méritos é de ata 6,5 puntos.

#### **BAREMO:**



## 1 Monitores

Os méritos que se valorarán son os que de seguido se relacionan e deberán acreditarse mediante orixinais ou copias compulsadas:

### I) Experiencia profesional/docente:

Experiencia como monitor/a en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou cursos de formación ocupacional, na especialidade formativa obxecto da convocatoria e coa categoría profesional e ocupación esixidas nas presentes bases: 0,25 puntos por cada seis meses completos ata un máximo de 1,5 puntos.

Experiencia profesional, exceptuando a de escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou cursos de formación ocupacional, en postos de traballo da especialidade obxecto da convocatoria e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases: 0,50 puntos por cada seis meses completos nos últimos 10 anos ata un máximo de 2 puntos.

A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 3,50 puntos.

O período mínimo de experiencia exixido polo Real decreto que regula o certificado de profesionalidade, e que é imprescindible para participar no proceso selectivo, non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

A experiencia profesional acreditarase:

No caso de traballador por conta allea: certificación de vida laboral expedida pola Seguridade Social xunto con contratos de traballo e/ou recibos de salarios.

No caso de traballadores autónomos: mediante certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización e certificación da Agencia Tributaria dos períodos de alta no IAE.

No caso de traballo realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

### II) Cursos realizados:

Cursos de 20 a 49 horas lectivas: 0,20 puntos.

Cursos de 50 a 99 horas lectivas: 0,30 puntos.

Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,50 puntos.

Os cursos acreditaranse co diploma correspondente, no que necesariamente deberán de figurar no dorso os contidos do mesmo e ter sido impartidos por entidades públicas. De non figurar na documentación acreditativa a súa duración en horas, non serán obxecto de valoración.

En ningún caso serán valorados aqueles cursos ou asignaturas integrantes dun título académico, Máster ou outra Titulación de Postgrao. Tampouco serán valorados módulos ou unidades formativas que formen parte dun mesmo curso. nin xornadas, congresos, simposios...

A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 2,50 puntos.

### III) Coñecementos de lingua galega:

Curso de iniciación: 0,25 puntos.

Curso de perfeccionamento: 0,50 puntos

Estas puntuacións non serán acumulables entre si, valorándose só a superior, polo que a puntuación máxima que se pode acadar neste apartado será de 0,50 puntos.

Estes cursos acreditaranse co diploma ou certificación correspondente.

Só se concederá validez polo que á acreditación do galego se refire aos cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.



## 2. Administrador/a

Os méritos que se valorarán son os que de seguido se relacionan e deberán acreditarse mediante orixinais ou copias compulsadas:

### I) Experiencia profesional:

Experiencia profesional en funcións administrativas en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego: 0,25 puntos por cada seis meses completos ata un máximo de 1,50 punto.

Experiencia profesional, exceptuando a de escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego en postos de traballo e coa categoría profesional como grupo 5 da vida laboral: : 0,50 puntos por cada seis meses completos nos últimos 10 anos ata un máximo de 2 puntos.

A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 3,5 puntos.

O período mínimo de experiencia exido que é imprescindible para participar no proceso selectivo, non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

A experiencia profesional acreditarase:

no caso de traballador por conta allea: certificación de vida laboral expedida pola Seguridade Social xunto con contratos de traballo e/ou recibos de salarios.

no caso de traballadores autónomos: mediante certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización e certificación da Agencia Tributaria dos períodos de alta no IAE.

no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

### II) Cursos realizados:

Cursos de 20 a 49 horas lectivas: 0,20 puntos.

Cursos de 50 a 99 horas lectivas: 0,30 puntos.

Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,50 puntos.

Os cursos acreditaranse co diploma correspondente, no que necesariamente deberán de figurar no dorso os contidos do mesmo e ter sido impartidos por entidades públicas. De non figurar na documentación acreditativa a súa duración en horas, non serán obxecto de valoración.

En ningún caso serán valorados aqueles cursos ou asignaturas integrantes dun título académico, Máster ou outra Titulación de Postgrao. Tampouco serán valorados módulos ou unidades formativas que formen parte dun mesmo curso. nin xornadas, congresos, simposios...

A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 2,50 puntos.

### III) Coñecementos de lingua galega:

Curso de iniciación: 0,25 puntos.

Curso de perfeccionamento: 0,50 puntos

Estas puntuacións non serán acumulables entre si, valorándose só a superior, polo que a puntuación máxima que se pode acadar neste apartado será de 0,50 puntos.

Estes cursos acreditaranse co diploma ou certificación correspondente.

Só se concederá validez polo que á acreditación do galego se refire aos cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.



## Novena.- Lista de Aprobados

Finalizado o proceso de selección, o tribunal cualificador procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento; puntuacións que virán dadas pola suma dos puntos acadados na entrevista persoal e na valoración de méritos e determinarán a orde de prelación das persoas candidatas para a súa ulterior contratación pola entidade promotora.

As persoas candidatas que na data prevista de contratación estivesen prestando servizos a tempo completo nun obradoiro de emprego, non poderán causar baixa no mesmo para ser contratados neste, polo que pasarán a integrar a lista de reserva, ocupando o lugar que lles corresponda conforme á puntuación obtida no dito proceso de selección.

A relación das persoas admitidas (facendo constar para cada unha a puntuación total e a/as especialidade/s formativas ás que son adscritos) e excluídas ( sinalando neste último suposto os motivos da exclusión) no proceso selectivo será exposta no taboleiro de anuncios da entidade promotora e na súa páxina web, así como no taboleiro de anuncios da oficinas de emprego. No caso de que as sondaxes da oferta se realizasen en concellos pertencentes a outra oficina de emprego distinta da tramita a oferta de emprego tamén se expoñerán no oficina de emprego correspondente.

Terán preferencia as persoas que en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requerido se atopen en situación de desemprego.

Se todas as persoas candidatas están en situación de desemprego, os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por duas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo, así como nas puntuacións finais, son por orden de prelación:

- a. O maior tempo acreditado como desempregado.
- b. A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
- c. A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- d. De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado experiencia docente.
- e. A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- f. A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- g. A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- h. O de maior idade.

Unha vez elaborada a proposta do candidato/-a a contratar, a entidade promotora deberá remitila a correspondente xefatura territorial que deberá verificar que cumpre todos os requisitos necesarios para participar no proxecto. Se non se cumplisen ditos requisitos a xefatura comunicarallo a entidade promotora para substituilo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

## Décima- Admisión

A entidade promotora estará obrigada a contratar ás persoas aspirantes que obtivesen a maior puntuación propostas polo tribunal cualificador, sempre e cando cumpla cos requisitos que figuran nestas bases, para o que deberán pasar un recoñecemento médico e ser declarados aptos para o desempeño dos traballos a realizar no obradoiro de emprego e aportar unha declaración xurada de non ter sido separada, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitada para o exercicio da función pública.

Non obstante o anterior, si o candidato proposto para a contratación renunciase ou non estivese dispoñible para o emprego, o grupo de traballo propoñerá a aquel aspirante que acadase a seguinte mellor puntuación final. No suposto de que xa non quedasen aspirantes que houbesen superado o





CONCELLO  
DC  
27865 OUROL  
(LUGO)

C.I.F. P-2703800-1

R.E.L. 01270380

Tel. 982 559 109

Fax. 982 559 002

proceso selectivo, procederíase a iniciar un novo procedemento selectivo, axustándose a estas bases.

**Undécima.- Incidencias e reclamacións.**


As incidencias e reclamacións que se poidan suscitar, derivadas dos procesos de selección, presentaranse ante o concello de Ourol no prazo de 2 días naturais, a contar desde o seguinte ao da exposición da relación de persoas candidatas admitidas, excluídas e reservas, e serán resoltas polo concello de Ourol, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

En Ourol na data de sinatura á marxe

O Alcalde-Presidente

Asdo.: José Luis Pajón Camba

(Documento asinado dixitalmente á marxe)



Cod. Validación: 9M1LFDF9WTC9DSSA94N33X42L | Corrección: https://concelloodeourolo.sedelectronica.es/

Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 10